

OBLIGACIÓN CONTABLES DAS SOCIEDADES COOPERATIVAS NO ACTUAL MARCO NORMATIVO

MARÍA ISABEL BLANCO DOPICO
Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Universidade de Santiago de Compostela

Palabras clave: Auditoría, Información económico-financiera, Verificación, Cooperativas, Plan de Contas.

Key words: Auditing, Economic-financial Information, Verification, Cooperatives, Account Planning.

Resumo

A reforma do noso ordenamento mercantil, apoiada en tres pilares básicos (Lei de Auditorías de contas, Lei de reforma parcial e adaptación á lexislación mercantil ás Directivas da CE, novo texto do Plan Xeral de Contabilidde) supuso un importante avance no dereito contable tradicional. Este artigo trata de analiza-lo impacto do actual marco contable sobre a información económico financeira das sociedades cooperativas.

Abstract

The reform of the Spanish mercantile structure brought about an important development in traditional accounting law. This reform is supported by three basic pillars: the Law of Auditing of Accounts, the Law of Partial Reform and Adaptation of the Mercantil Legislation to the EC Directives and the new text of the general Accounting Plan. This paper attempts to analyze the impact of the present-day bookkeeping framework dealing with the economic and financial information of cooperatives.

1. INTRODUCCIÓN

Con independencia das súas características¹, a sociedade cooperativa, aínda que non poida ser considerada como unha sociedade mercantil, é unha empresa máis e a súa actuación, no que se refire a actos de comercio, está regulada pola lexislación mercantil. Como tal empresa plantexa a necesidade de lograr unha xestión competitiva a través dunha actividade económica organizada. Por todo iso, non parece que as súas diferencias con outras unidades de produción máis tipicamente mercantís nos leven a tratala contablemente de forma diferente, aínda que, evidentemente, algunhas das súas peculiaridades (tales como a composición, estrutura ou remuneración do seu capital ou a problemática da determinación do resultado), deban ser convenientemente captadas na súa contabilidade.

2. PRINCIPIOS XERAIS

O desenvolvemento da sociedade cooperativa supón contar cun sistema de información axeitado para a toma de decisións e, polo tanto,

cunha organización contable ben establecida, eficaz e flexible que permita unha información adaptada ás circunstancias antes reseñadas.

Neste senso, o soporte de información contable regúlase, en principio, na Lei 3/1987 de 2 de abril, Xeral de Cooperativas, BOE de 8 de abril de 1987 (a partir de aquí LXC) que, en relación coa documentación social e contabilidade das cooperativas introduce distintas innovacións da regulación anterior orientadas a fortalecer-las garantías tanto dos integrantes da Sociedade como dos terceiros, ó tempo que se flexibilizan as normas sobre encadernación, foliado e dilixencia dos libros, co fin de posibilitar a utilización das novas técnicas de mecanización administrativa e contable.

Así, o Consello rector estará obrigado a formular (art. 82.2), no prazo máximo de catro meses contados a partir do peche do exercicio económico², o Balance, a Conta de Perdas e Ganancias, a Memoria explicativa³ e a proposta de distribución de excedentes e destino dos beneficios extracooperativos ou da imputación das perdas.

O capítulo VIII Dos libros e da Contabilidade, no seu art. 91 establece que as Cooperativas deberán levar unha contabilidade ordenada e axeitada á súa actividade, que se rexirá polos principios de veracidade⁴, claridade, exactitude, responsabilidade e segredo contable que deberán ser aplicados tendo presente as peculiaridades da natureza da Sociedade Cooperativa.

Non existen diferencias importantes co establecido con carácter xeral para os empresarios na vixente normativa contable. Así, o art. 25 do Código de Comercio (Lei 19/1989 de 25 de xullo de Reforma parcial...), indica con respecto ós libros dos empresarios que "todo empresario deberá levar unha contabilidade ordenada, axeitada á actividade da súa empresa que permita un seguimento cronolóxico de todas as súas operacións, así como a elaboración periódica de balances e inventario...".

3. LEVANZA DE LIBROS

Neste tema, a LXC establece os rexistros que debe levar a cooperativa e quen debe ter acceso ós mesmos. Así, de acordo co expresado

no seu art. 91, as Cooperativas levarán os seguintes Libros de contabilidade:

- Libro de Inventarios e Balances.
- Libro Diario.
- Libro de Informes da Censura de Contas.
- Os libros que estableza a lexislación especial aplicable por razón da súa actividade empresarial.

A lei indica, igualmente, os requisitos e esixencias dos libros e documentos contables, ó establecer que:

— O Libro de Inventarios e Balances abri-ráse co Balance inicial detallado da Cooperativa e recollerá anualmente o inventario, o Balance do exercicio e a Conta de Perdas e ganancias⁵.

— O Libro Diario rexistrará día a día tódalas operacións relativas ó exercicio económico da Cooperativa. Será válida, sen embargo, a anotación conxunta dos totais das operacións por períodos non superiores ó mes, coa condición de que o seu detalle apareza noutros libros, fichas ou rexistros concordantes, aínda que non estean legalizados.

— O libro de Informes da Censura de Contas⁶, recollerá os informes emitidos polos Interventores e, no seu caso, pola auditoría externa.

A nova redacción do Título II do Libro primeiro do Código de Comercio indica que corresponderá ó Rexistro Mercantil a legalización dos libros dos empresarios, o depósito e a publicidade dos documentos contables e calquera outra función que lle atribúan as leis; de aí que a primeira parte desta norma, a legalización dos libros, puidera afectar, ó referirse ós empresarios, a todo tipo de cooperativas, non así a segunda parte (depósito e publicidade). Non obstante, só as cooperativas obrigadas a acceder a dito Rexistro, as de crédito e as de seguros⁷, deben legalizar os seus libros na respectiva oficina rexistral, tal como o indica a Disposición adicional sexta ó admitir que a legalización dos libros das cooperativas, salvo as cooperativas de cré-

dito e as de seguros, se levará a cabo de conformidade co establecido na lexislación cooperativa.

Así, para as cooperativas non financeiras, os Libros de contabilidade deberán dilixenciarse na forma establecida no número 43 do art. 90 (polo Xuzgado de Distrito ou de Paz do lugar onde tivese a Cooperativa o seu domicilio social ante o que se presentarán para que, previa a súa utilización, se estampe no primeiro folio de cada un, dilixencia asinada dos que tivese o Libro e, en tódolos folios, o selo do Xuzgado que o autorice. As Cooperativas poderán solicitar que estas legalizacións teñan lugar no seu propio domicilio social). Non obstante, tamén poderán ser encadernados, foliados e dilixenciados a partir de follas soltas, sempre que se faga dentro dos tres meses seguintes ó peche do exercicio ante o Xuzgado indicado no devandito art. 90.3.

A Dirección Xeral de Cooperativas e Sociedades Laborais do Ministerio de Traballo e Seguridade Social autorizará outro sistema de documentación social que ofrezca análogas garantías ás previstas. Cando se trate de Cooperativas de Seguros será preceptivo o informe previo da Dirección Xeral do Seguro.

Reflictese tamén na Lei a obriga de levar outros libros, tales como:

- Libro rexistro de socios e, no seu caso, libro de socios e asociados.
- Libro rexistro de aportacións ó capital social.
- Libro de actas da Asemblea xeral, do Consello Rector e, no seu caso, do comité de Recursos e das Xuntas preparatorias.

Os Libros e demais documentos da Cooperativa estarán baixo custodia, vixilancia e responsabilidade do Consello Rector que deberá conservalos, alomenos, durante os cinco anos seguintes á transcripción do último asento ou acta ou á extinción dos dereitos ou obrigas que conteña, respectivamente⁸, art. 90. Documentación social. Sen embargo, nos casos particulares, tales como a liquidación, dita labor tras-pásase a outras máns (o art. 109. Funcións dos

liquidadores, establece no seu apartado 1. a de levar e custodia-los libros e correspondencia da cooperativa e velar pola integridade do seu patrimonio).

4. CONTAS ANUAIS

A LXC indica explicitamente como tales "o Balance, a Conta de Perdas e ganancias e a Memoria explicativa"⁹, e, como xa vimos anteriormente, establécese a obriga das cooperativas de formular Balance, conta de perdas e ganancias, memoria explicativa e proposta de distribución de excedentes e destino dos beneficios extracooperativos ou da imputación de perdas, documentos os tres primeiros, que forman unha unidade o seu contido vén especificado na Sección Segunda do Código de Comercio, art. 35, e a súa confección debe realizarse tendo en conta os principios contables¹⁰ e Cuarta parte (obrigatoria) do Plan Xeral de Contabilidade. Esta última parte que establece que as contas anuais deben ser formuladas polo empresario ou os administradores no prazo máximo de tres meses, a contar desde o peche do exercicio. A estes efectos, as contas anuais expresarán a data na que se formularon e deberán ser asinadas polo empresario, por tódolos socios ilimitadamente responsables polas débedas sociais, en caso de sociedade colectiva ou comanditaria ou por tódolos administradores en caso de sociedade anónima. Establécese igualmente a obriga de identificación do balance, conta de perdas e ganancias e memoria, indicando de forma clara e en cada un deses documentos a súa denominación, a empresa a que corresponden e o exercicio a que se refiren. Elaboraranse expresando os seus valores en pesetas, aínda que poderán expresarse en miles ou millóns de pesetas cando a magnitude das cifras así o aconselle indicando dita circunstancia nas contas; en todo caso, redactaránse con claridade e mostrando a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da empresa.

En canto á estrutura e forma das contas, a citada parte cuarta do Plan Xeral de Contabilidade indica que as empresas con forma societaria distinta á anónima, incluídas as laborais, limitada e en comandita por accións, así como os

empresarios individuais estarán obrigados a formular, como mínimo, as contas anuais abreviadas.

Con respecto ó balance, a normativa xeral recollida no PXC establece que ten que comprender, coa debida separación, os bens e dereitos que constitúen o activo da empresa e as obrigas e os fondos propios que forman o pasivo da mesma e a súa formulación ten que aterse no establecido na norma quinta Balance, do PXC (figurar en cada partida as cifras do ano que se pecha e as do anterior, non modifica-los criterios de contabilización dun ano a outro, salvo excepcións xustificadas na memoria, non modifica-la estrutura dun ano a outro...), en tanto que a normativa específica sobre o tema recolle dentro do art. 82 da LXC, apartado 3 que as súas partidas se valorarán con arreglo ós principios xeralmente aceptados en contabilidade, así como a criterios obxectivos que garanticen os intereses de terceiros e que permitan unha ordenada e prudente xestión económica da Cooperativa. Terá que manterse unha continuidade nos criterios de valoración, que non poderán ser variados sen causa razoada, que deberá expresarse no propio Libro de Inventarios e Balances. Cando se actualice o Balance deberá cumprirse o establecido no art. 77 (o Balance das cooperativas poderá ser regularizado nos mesmos termos e cos mesmos beneficios que se establezan para as sociedades de dereito común).

Outros balances explicitamente nomeados en dita normativa cooperativa son os de fusión e escisión e o balance final de liquidación.

Así, no capítulo X. Da fusión e escisión, art. 98, establécese que poderá considerarse **balance de fusión** ó último balance anual aprobado, sempre que non sexa anterior en máis de oito meses á data de celebración da Asemblea que ha de resolver sobre a fusión. Se o balance anual non cumprira este requisito será preciso elaborar un balance dentro do prazo antes nomeado, que deberá ser censurado polos interventores e terá que ser sometido á aprobación da Asemblea. A impugnación do balance de fusión non poderá suspender por sí soa a execución desta. En canto ó **balance final**, queda enunciado no art. 113, no que se di que rematadas a operacións de extinción do pasivo social, os liquidadores formarán o balance final, que

reflectirá con exactitude e claridade o estado patrimonial da Sociedade e o proxecto de distribución do activo que deberá aterse ás normas que establece o art. 112¹¹.

En relación coa conta de perdas e ganancias, a norma sexta de elaboración das contas anuais do PXC, sinala que terá que comprender, coa debida separación, os ingresos e gastos do exercicio e, por diferenza, o resultado do mesmo aténdose para a súa formulación a unhas esixencias similares ás indicadas para o balance. Dentro da normativa propia das cooperativas sobre dito estado anual hai que destaca-lo establecido no devandito art. 35, no seu apartado 2, de representación do resultado tendo en conta a separación de ingresos e gastos, determinación, por diferenza do resultado e distinción dos resultados en ordinarios propios da explotación dos que non o son ou dos que se orixinen en circunstancias extraordinarias. A súa estrutura nas sociedades cooperativas esixe o ter en conta o establecido no art. 83 da LXC. Determinación do resultado do exercicio económico, no que se diferencian dous tipos de resultados a determinar por separado:

— Os resultados das operacións cooperativizadas cos socios (excedente neto)¹², e

— os resultados obtidos nas operacións cooperativizadas realizadas con terceiros non socios, os beneficios provenientes de plusvalías na enaxenación dos elementos de activo inmovilizado, os obtidos doutra fontes alleas ós fins específicos da Cooperativa ou os derivados de inversións ou participación de sociedades de natureza non cooperativa.

Polo que respecta á Memoria, a norma sétima da cuarta parte do PXC, referida á mesma, indica que completa, amplía e comenta a información contida no balance e na conta de perdas e ganancias, para o que se ha de ter en conta que o modelo establecido recolle a información mínima a cumprimentar, que pode reducirse, se a información esixida non é significativa, ou ampliarse, se fora necesario para a comprensión das contas anuais e, en todo caso, presentarse de forma sintética e conforme á esixencia de claridade.

No caso específico das cooperativas, a LXC destaca que é función do Consello Rector presentar á Asemblea Xeral a rendición de contas, a proposta de imputación e asignación de beneficios e a memoria explicativa da xestión do exercicio económico (art. 60, 3.c) do capítulo IV. Dos Órganos da contabilidade. A aprobación, pola Asemblea xeral, de ditos documentos non significa o descargo dos membros do Consello Rector da responsabilidade na que puideran ter incurrido (art. 64).

Agora ben, as contas anuais, antes de seren presentadas para a súa aprobación á Asemblea xeral deberán ser censuradas polo Interventor ou Interventores, os cales disporán do prazo dun mes desde que as contas anuais lles fosen entregadas polo consello rector para formula-lo seu informe por escrito, propoñendo a súa aprobación ou formulando os reparos que estimen convenientes. Se, como consecuencia do informe, o Consello rector se vira obrigado a modificar ou altera-las contas anuais, os Interventores terán que amplía-lo seu informe sobre os cambios producidos. Os interventores, o informe dos cales é necesario para a aprobación das contas anuais pola Asemblea xeral e que se recollerá no libro de informes da censura de contas, teñen dereito a consultar e comprobar, en calquera momento, toda a documentación da cooperativa e proceder ás verificacións que estimen necesarias (art. 68, LXC).

A publicidade dos estados contables recóllese, entre outros, no art. 96. Documentación complementaria da asemblea, onde se indica que ó publica-la convocatoria da asemblea deberá poñerse a disposición dos socios e asociados no domicilio social... 2) o Balance, a conta de perdas e ganancias e a Memoria explicativa dos tres exercicios das sociedades que participan na fusión, xunto cos correspondentes informes dos Interventores... 3) o balance de fusión de cada unha das sociedades, previsto no art. 98.

5. PLAN DE CONTAS

Aínda que a LXC non nomea de forma específica o Plan Xeral de Contabilidade Español (PXC), consideramos que tódalas disposicións reguladoras da materia contables da

sociedades cooperativas que aquela contén, deben intentar plasmarse dentro do marco deseñado por este; por iso, e apoiándonos na característica de flexibilidade que posúe o PXC, a análise da problemática contable da empresa cooperativa pode, e debe¹³, ser encadrada perfectamente dentro do marco ofrecido polo PXC coa apertura dalgunhas contas específicas.

A propia introducción do Plan Xeral de Contabilidade advirte a posibilidade de que presente algúns baleiros, "posto que unha obra de tal natureza dirixida á empresa como principal protagonista do mundo dos negocios, non pode abrangue-lo casuísmo tan rico e tan variado que condiciona a actividade".

Agora ben, a contabilidade, coma calquera outro sistema de información, debe adecuarse á entidade económica de que se trate, tendo en conta elementos tales como o carácter da entidade (público, privado, mercantil...), a forma xurídica, a dimensión, a actividade, a súa organización... por iso a empresa disporá de facultade para reenche-los baleiros do cadro de contas e relacións contables correspondente utilizando para iso as regras máis afíns deducidas dos principios que informan o Plan.

De aí que o punto de partida para a análise contable das sociedades cooperativas sexa a súa definición, establecida no art. 1 da LXC, segundo a cal:

"as cooperativas son sociedades que, con capital variable e estrutura e xestión democráticas, asocian, en réxime de libre adhesión e baixa voluntaria, a persoas que teñen intereses e necesidades socioeconómicas comúns, para mellor satisfacción e ó servizo da comunidade desenvolven actividades empresariais, imputándose os resultados ós socios, unha vez atendidos os fondos comunitarios, en función da actividade cooperativa realizada".

A clasificación establecida pola propia LXC das cooperativas en función da actividade realizada polas mesmas supón trece clases diferentes (de Traballo Asociado, de Consumidores e Usuarios, de Vivendas, Agrarias, de Explotación Comunitaria da terra, de Servizos, do Mar, de Transportistas, de Seguros, Sanita-

rias, de Ensinanza, Educacionais e, por último, de Crédito), aínda que poden darse dentro das mesmas distintas subclases ou modalidades, as cales agruparemos da forma seguinte:

- de **consumo** (os socios, ademais de selo, adoptan a función económica de clientes, dando carácter "convencional" ós ingresos por vendas)
- de **comercialización** (os socios son provedores, e o carácter provisional é asumido polos gastos de compras)
- de **producción** (os socios son traballadores, e o carácter convencional é asumido polos gastos de persoal)
- e de **crédito** (os socios poden ser prestamistas e prestatarios),

considerando, á súa vez, que os problemas contables que presentan os tres primeiros grupos teñen carácter xeneralizable, por canto as cooperativas de crédito esixen un tratamento contable específico.

En calquera caso, e a efectos de referirnos ós aspectos propios das sociedades cooperativas desde o punto de vista contable, teremos que considerar aspectos específicos das mesmas, tales como a posibilidade de realizar operacións con terceiros, ou o feito de que as cooperativas de calquera clase, excepto as de crédito (art. 117), poden ter, se os seus Estatutos o prevén, unha sección de crédito que actuará como intermediario financeiro limitando as súas operacións activas e pasivas ó interior da propia cooperativa e ós seus socios e asociados, sen perxuízo de poder rendibiliza-los seus excesos de tesourería a través de cooperativas de crédito.

6. AUDITORÍA EXTERNA

A necesidade de aumenta-la credibilidade dos estados contables¹⁴ esixe a inspección de documentos, procedementos e operacións e unha manifestación razoada da súa execución. O exame, por parte dun experto independente, da

adecuación da contabilidade en orde a comprobalo respecto ós principios de contabilidade xeralmente aceptados recibe o nome de auditoría externa, tema ó cal a LXC adica un grande interese¹⁵.

Para determina-la obriga de auditar hai que ter en conta que a Lei 19/1988 de Auditoría de contas indica que quedarán suxeitas á mesma as empresas ou entidades, incluídas as sociedades cooperativas, que superen os límites que regulamentariamente fixe o Goberno por Real Decreto, en tanto que o regulamento que desenvolve a Lei na súa disposición adicional sexta, en relación co establecido na Lei de Auditoría de contas e con referencia exclusiva ás Sociedades cooperativas, establece que deberán someterse á auditoría de contas prevista no art. 3 do regulamento¹⁶ as contas anuais das referidas sociedades e deixa dispensada desta obriga ás cooperativas nas que concorran alomenos dúas das circunstancias previstas no art. 181 do TRLSA¹⁷, tendo en conta o seguinte:

— para os dous primeiros exercicios que pechen con posterioridade á entrada en vigor do presente Regulamento, quedarán exceptuados da obriga de someter a auditoría as contas anuais, as sociedades cooperativas nas que ó peche do primeiro exercicio concorran alomenos dúas das nomeadas con anterioridade.

— cando as devanditas sociedades cooperativas na data de peche do exercicio pasen a cumprir dúas das circunstancias antes indicadas ou ben cesen de cumprilas, tal situación unicamente producirá efectos en canto ó sinalado no primeiro párrafo deste apartado se se repite durante dous exercicios consecutivos.

Neste senso, o art. 69 da LXC indica, con carácter xeral, os supostos de **auditoría obrigatoria** "1. cando o estableza a Lei¹⁸ ou os Estatutos ou o acorde a Asemblea Xeral, as contas anuais deberán ser verificadas...", "8. As contas anuais tamén deberán someterse a auditoría externa cando o solicite, por escrito, ó Consello rector, o 15% dos socios da cooperativa"¹⁹, existindo unha referencia específica á auditoría externa obrigatoria para as Cooperativas de vivendas. Así, o art. 131 establece que as

Cooperativas de vivendas, antes de presentalas contas anuais, para a súa aprobación á Asemblea Xeral deberán sometelas a auditoría externa, nos exercicios económicos en que se produza algún dos seguintes supostos:

a) que a cooperativa teña en promoción, entre vivendas e locais, un número superior a 50;

b) calquera que sexa o número de vivendas e locais en promoción, cando correspondan a distintas fases ou cando se constrúan en distintos bloques que constitúan, a efectos económicos, promocións diferentes;

c) que a cooperativa teña outorgado poderes relativos á xestión empresarial a persoas físicas ou xurídicas, distintas dos membros do Consello Rector ou Director:

d) cando o preven os estatutos ou o acorde a Asemblea xeral.

En todo o non establecido no presente artigo sobre auditoría externa das contas anuais das cooperativas de vivendas serán de aplicación as normas do art. 69 xa nomeadas".

Polo que se refire á **calificación** de quen pode realiza-la auditoría, a LXC establece que será realizada "por persoas físicas ou xurídicas alleas á Cooperativa; as persoas físicas deberán ser expertos titulados superiores e as xurídicas ter ó seu servizo persoas físicas que reúnan o requisito sinalado e realicen dita verificación"... en tanto que o art. 6.1 da Lei de Auditoría, máis restrictiva, esixe que sexan persoas físicas ou xurídicas que "cumpran os requisitos a que se refire a Lei" e estean inscritas no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC).

As causas de **incompatibilidade** dos auditores fican reseñadas na Lei de Auditoría no art. 8.2, resultando moito máis amplas que as correlativas incompatibilidades reseñadas para as auditorías no art. 69.2²⁰, ás que subsume, ó indicar no subapartado c) "Quen resulte incompatible de acordo co establecido noutras disposicións legais".

A LXC tamén establece que "O Servizo de auditoría externa poderá ser realizado por

Cooperativas de segundo ou ulterior grao, ou por Asociacións de Cooperativas á que pertenza a Cooperativa, ou por outras Cooperativas de primeiro grao alleas á verificada, sempre que as persoas físicas que o realicen reuniran as condicións requiridas no párrafo anterior", párrafo que non ten sentido no marco de auditoría establecido pola lei de auditoría.

Con respecto ó **nomeamento**, o devandito art. 69 da LXC establece que os revisores de contas, persoas físicas ou xurídicas que deban exercer-la verificación das contas anuais, serán nomeadas pola Asemblea Xeral.

Cando este nomeamento non se fixera oportunamente ou as persoas nomeadas non puideran cumprir-las súas funcións, o Consello rector, os Interventores ou calquera socio poderá solicitar do xuíz de distrito do domicilio social da Cooperativa, a designación de quen deba realiza-la verificación das contas anuais²¹.

Os revisores de contas disporán, alomenos, do prazo dun mes, desde que as contas anuais lles foron entregadas polo Consello rector, para formula-lo seu informe, que conterá alomenos as mencións seguintes:

a) si na redacción das contas anuais se respetaron as normas legais e estatutarias;

b) as observacións sobre feitos que, no seu caso, teñan comprobado e que representen un perigo para a situación financeira da Cooperativa;

c) a certificación de que a contabilidade das contas anuais é correcta ou, no seu caso, os motivos polos que formularan reserva ou rexeitaran outorga-la certificación.

O **informe de auditoría** externa recollese no Libro de Informes da Censura de Contas. O seu contido é moi inferior ó esixido pola Lei de Auditoría, en concreto no relativo a identificación, normas técnicas... etc., polo que deberá ser completado para cumprir-las maiores esixencias establecidas por esta.

Cando a Cooperativa, de acordo co establecido neste artigo, estea obrigada a somete-las contas anuais a auditoría externa, a aprobación das mesmas pola Asemblea xeral sen o previo

informe dos revisores será impugnado polas accións procesais previstas no art. 52, sen perjuízo de poder solicitarse ó xuíz de distrito que ordenará a realización da auditoría externa e, no seu caso, designará a persoa que teña que efectualala, por conta da Cooperativa.

Nos exercicios económicos en que, por disposición legal ou estatutaria, as contas anuais teñan que someterse a auditoría externa, non obstante o establecido no número 6 do art. 68, non será preciso para a súa aprobación pola Asemblea xeral, o informe anual dos Interventores da cooperativa, salvo que os estatutos o establezan. No caso de que a auditoría externa se realice como consecuencia do acordo da Asemblea xeral, será esta a que determine a necesidade ou non do informe dos Interventores.

NOTAS

1. Personalidade xurídica propia desde a súa inscrición no Rexistro de Cooperativas, capital e número de socios variable, igualdade de dereitos de tódolos socios e limitación do interese que os mesmos poidan percibir polas súas aportacións, busca da promoción (da formación e educación dos socios en principios cooperativos, das relacións intracooperativas e culturais e profesionais do entorno e a comunidade).
2. En relación co cal, o art. 82 establece que, salvo indicación en contrario dos Estatutos, coincidirá co ano natural.
3. Que se redactarán de xeito que coa súa lectura poida obterse unha representación exacta da situación patrimonial da Cooperativa, dos resultados económicos obtidos no exercicio e do curso da actividade empresarial da Cooperativa.
4. Podemos considerar que os principios de veracidade e exactitude quedan comprendidos dentro do principio xeral da imaxe fiel.
5. Neste tema, o art. 28 do Código de Comercio engade ó anterior que "alomenos trimestralmente transcribírase con sumas e saldós os balances de comprobación. Transcribíranse tamén o inventario de peche do exercicio e as contas anuais".
6. Adición ós establecidos polo Código de Comercio para a contabilidade dos empresarios e

que, segundo o indicado no apartado 5 do art. 68, LXC, recollerá o informe dos Interventores.

7. Mención explícita do texto legal ó indicar "1. O Rexistro Mercantil ten por obxecto a inscrición de... terceiro: as entidades de crédito e seguros. A devandita inscrición procurarase dentro do mes seguinte ó outorgamento dos documentos necesarios para a práctica dos asentos.
8. Aínda que o art. 30 do Código de Comercio indica seis anos como prazo, establece tamén a salvedade do indicado en disposicións xerais ou especiais, como é este caso.
9. Na súa Sección terceira. Dos Interventores. art. 68. Informe das contas anuais, apartado 1.
10. Principios contables establecidos no Plan Xeral de Contabilidade, pero ademais expresados de maneira explícita ou implícita no Código de Comercio, art. 34, apartado 2 (redactarse con claridade, mostra-la imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da empresa, de acordo coas disposicións legais), art. 35.6 (prohíbese a compensación entre partidas do activo e do pasivo, ou entre partidas de gastos e ingresos) e art. 38 (a valoración das distintas partidas realizarase conforme ós principios de contabilidade xeralmente aceptados, enunciados a continuación).
11. "Na adxudicación do haber social comenazarase por separar suficientes elementos do activo para cubri-lo importe total do Fondo de Educación e Promoción que non estivese materializado nas contas de aforro ou títulos da Débeda Pública. O resto do haber social adxudicarase pola seguinte orde: 1) saldaranse as débedas sociais, 2) reintegrarase ós asociados o importe das súas aportacións ó capital social, actualizadas no seu caso, 3) reintegrarase ós socios o importe das aportacións que tiveran ó haber social, actualizadas no seu caso, començando polas aportacións voluntarias e despois as aportacións obrigatorias, 4) o activo sobranante, se o houbera, así como o remanente existente do Fondo de educación e Promoción, poñerase a disposición do Consello Superior de Cooperativas, que deberá destinalo, de modo exclusivo, á promoción do cooperativismo". Malia ó anterior, no caso de cooperativas de segundo ou posterior grao, o haber líquido

- resultante (art. 148.5) será distribuído entre as cooperativas de socios en proporción ó importe do retorno cooperativo percibido nos últimos cinco anos ou no seu defecto, desde a constitución daquela, debendo destinarse sempre ó Fondo de Reserva Obrigatoria de cada unha delas.
12. A actividade empresarial no caso das sociedades cooperativas xorde da satisfacción de necesidades de carácter socio-económico comúns ós socios.
 13. Art. 2 do Real Decreto 1.643/1990, de 20 de decembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade: "O Plan Xeral de Contabilidade será de aplicación obrigatoria para tódalas empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, individual ou societaria. Non obstante o disposto no párrafo anterior, non terán carácter vinculante os aspectos relativos á numeración e denominación de contas incluídos na segunda parte e os movementos contables incluídos na terceira parte do Plan Xeral de Contabilidade".
 14. Lembremos que a propia LXC indica na súa presentación que o obxecto principal das innovacións introducidas no capítulo sobre réxime económico constitúe o fortalecemento das cooperativas na súa vertente empresarial, na procura do incremento dos recursos propios e en **defensa da solvencia e credibilidade das cooperativas**.
 15. De feito, o non sometemento das contas anuais a auditoría externa realizada segundo as normas legais é considerada como infracción moi grave (art. 153.2).
 16. Verificar e comprobar se as contas anuais expresan a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Empresa ou Entidade auditada, así como o resultado das súas operacións de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados.
 17. O total das partidas do activo non superan os 230 millóns de pesetas. O importe neto da cifra anual de negocios é menor de 480 millóns de pesetas.
 18. O número de traballadores empregados durante o exercicio non supera 50.
 18. Caso das cooperativas de crédito, obrigadas a audita-las súas contas (art. 11, Lei 13/1989).
 19. Neste suposto, os gastos da auditoría externa serán por conta dos solicitantes, excepto cando resulten vicios ou irregularidades esenciais na contabilidade comprobada, correspondendo ós solicitantes o nomeamento dos revisores, sen perxuízo de que o informe deste deba ser coñecido tamén polo Consello rector, polos Interventores e pola Asemblea.
 20. En ningún caso poderá ser realizada a verificación das contas por persoa que desempregue ou teña desempregado nos últimos catro anos postos de administración ou funcións de asesoramento ou de confianza na Cooperativa. Tampouco poderá ser realizado por quen forme ou teña formado parte do persoal da mesma no mesmo período de tempo nin polas persoas que estean incursas nalgunha das prohibicións que a presente Lei establece para os Interventores.
 21. Non se observa, como o fai a Lei de Auditoría, ningunha referencia ó período de tempo ou á reelección, que será, polo tanto, o expresado na citada Lei.

BIBLIOGRAFÍA

- Lei 3/1987, de 2 de abril, Xeral de Cooperativas.
Lei 19/1988, de 12 de xullo, de Auditoría de Contas.
Real Decreto de 22 de agosto de 1985 polo que se publica o Código de Comercio.
Real Decreto 1.597/1989, de 29 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Mercantil.
Real Decreto Lexislativo 1.564/1989, de 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades Anónimas.
Real Decreto 1.636/1990, de 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 19/1988, de 12 de xullo, de Auditoría de Contas.
Real Decreto 1.643/1990, de 20 de decembro, do Plan Xeral de Contabilidade.